




UD 7 (II)

MOVEMENTOS MIGRATORIOS E INTERCULTURALIDADE



DEFINICIÓN

- **MOVEMENTOS MIGRATORIOS:** desprazamentos de longa duración dun lugar de orixe a outro de destino
- **EMIGRANTE:** Un individuo abandona o seu lugar de orixe cara a outro.
- **INMIGRANTE:** Individuo que chega ao lugar de destino.
- **RETORNADO:** Individuos emigrados volven pasado un tempo ao seu lugar de orixe.



CÁLCULOS: SALDO MIGRATORIO, TAXA DE SM, CRECEMENTO REAL

SALDO MIGRATORIO

$$SM = I - E$$

Este cálculo pode ser negativo no caso de que existan máis emigrantes que inmigrantes ou positivo no caso contrario.

TAXA DE SALDO MIGRATORIO

$$TSM = SM \times 100 / \text{Poboación total}$$

Relación do saldo migratorio coa poboación absoluta dese lugar expresándose en porcentaxes.

CRECEMENTO REAL DA POBOACIÓN

$$CRP = CN \pm SM = CRP = (N-D) \pm (I-E)$$

Suma do Crecemento Natural e o Saldo Migratorio, tendo en conta o signo de ámbolos dous, xa que poden ser negativos, igual que o resultado final.

FACTORES DOS MOVEMENTOS MIGRATORIOS

FACTORES DE REPULSIÓN



FACTORES DE ATRACCIÓN



ECONÓMICOS

A falta de traballo no lugar de orixe, e as expectativas de mellores condicións de vida e a demanda de man de obra no destino favorecen as migracións desde países menos desenvolvidos cara os máis desenvolvidos.



FACTORES DOS MOVEMENTOS MIGRATORIOS

CATRASTRÓFICOS

A erupción de volcáns, terremotos, incendios, inundacións, poden provocar a fuxida masiva de poboación. A poboación adoita perder as súas pertenzas, as terras de labor, as súas vivendas, polo que decide emprender unha nova vida noutro lugar.



FACTORES DOS MOVEMENTOS MIGRATORIOS



**PROBLEMAS
HUMANOS**
As guerras; as
persecuições
religiosas, políticas,
étnicas, etc; a
colonização e
posterior
descolonização de
novas terras por
parte dos países
europeus; o tráfico
de escravos; etc.



FACTORES DOS MOVEMENTOS MIGRATORIOS

SOCIOCULTURAIS

A atracción da cidade para vivir fai que moitos habitantes do medio rural decidan o seu cambio de residencia para ofrecer maiores oportunidades aos seus fillos. Tamén se dá o caso contrario, persoas que viven nas cidades e deciden trasladarse ao medio rural para combater o estrés urbano.



TIPOS DE MIGRACIONES

SEGUNDO A DURACIÓN DA ESTANCIA

- ❑ Migracións **definitivas**: propósito de asentarse para sempre no lugar de destino.
- ❑ Migracións **temporais** : intención de regresar tras un período de tempo.
 - ✓ Migracións **estacionarias**, dependendo da estación do ano e, sen perder o contacto co lugar de orixe (temporeiros agrícolas, trashumancia).
 - ✓ Migracións **pendulares**, desprazamento diario de persoas que viven nun lugar e traballan noutro.



TIPOS DE MIGRACIONES

SEGUNDO A MOTIVACIÓN

- ❑ Migración **forzosa**, a persoa desprazada o fai á forza (refuxiados de guerra, perseguidos polas súas ideas, escravos).
- ❑ Migración **libre**, a migración se realiza voluntariamente por parte das persoas desprazadas (traballadores).



TIPOS DE MIGRACIONES

SEGUNDO O DESTINO

❑ Migraciones **interiores**, dentro
dun mesmo país.

- ✓ Migraciones **campo-campo**.
- ✓ Migraciones **campo-ciudad**
ou **éxodo rural**.
- ✓ Migraciones **ciudad-campo**.
- ✓ Migraciones **ciudad-ciudad**.


❑ Migraciones **exteriores**.

- ✓ **Continentais**.
- ✓ **Intercontinentais**.



Un mundo de migrantes


% de la población que ha nacido en otro país



TIPOS DE MIGRACIONES

SEGUNDO O MOMENTO HISTÓRICO

- ❑ Migracións **históricas**, no pasado: colonizacións, invasións.
- ❑ Migracións **actuais**, aquelas que se desenvolven hoxe en día, entre os países pobres cara aos países ricos, os refuxiados de guerra e o éxodo rural.




CONSECUENCIAS DAS MIGRACIÓNS

DEMOGRÁFICOS:

- ❑ A poboación emigrante adoita ser nova, en idade de traballar e procrear, polo que os destinos anóvanse, mentres que a orixe avelléntase.
- ❑ Desequilibrio de sexos, xa que adoitan emigrar máis homes que mulleres.
- ❑ Crecemento das cidades que acollen á poboación emigrante.

Comparación pirámide poblacional española/extranjera



CONSECUENCIAS DAS MIGRACIÓNS

ECONÓMICOS:

- ☐ Os emigrantes envían divisas ao país de orixe, ingreso económico importante para o desenvolvemento económico deses países.
- ☐ No lugar de orixe diminúe o paro, mentres que no destino abarátanse os salarios por haber excesiva oferta de man de obra.
- ☐ Abandónanse terras de labor nas zonas rurais, que poden causar problemas ambientais.
- ☐ Crecemento excesivo das cidades, xurdindo zonas de chabolas nas periferias urbanas.



CONSECUENCIAS DAS MIGRACIÓNS

CULTURAIS:

- ☐ Difusión de diferentes culturas por todo o mundo.
- ☐ Historicamente as migracións serviron para a difusión de avances técnicos, cultivos, etc. a outras partes do mundo.



CONSECUENCIAS DAS MIGRACIÓNS

SOCIAIS:

- ❑ Falta de integración dos emigrantes no destino, debido a diferenzas culturais moi grandes, como o idioma, a relixión, etc.
- ❑ Desarraigo dos emigrantes dos lugares de orixe, pola falta de contacto habitual e polo intento de integración que lles fai perder a súa identidade.
- ❑ Nas sociedades de acollida adoitan xurdir sentimentos de rexeitamento cara ao emigrante (xenofobia, racismo).




FLUXOS MIGRATORIOS

Principales flujos migratorios a fines del siglo xx y principios del xxi




FLUXOS MIGRATORIOS



DIVERSIDADE CULTURAL

- Diversidade cultural: multiplicidade de formas nas que se expresan as culturas dos grupos e sociedades.
- Sociedades multiculturais, caracterizadas pola presenza ou coexistencia de persoas e poboacións de diversa orixe cultural nun mesmo territorio.
- Establécense relacións entre as diferentes culturas, unhas positivas e outras negativas. Non hai un único modelo de convivencia e integración.



RELACIONES ENTRE GRUPOS

❑ **ASIMILACIÓN:** Un grupo ou unha cultura é incorporada noutra, adoptando as súas manifestacións culturais.

- Consecuencia: perda da diversidade cultural. Téndese á homoxeneización cultural.


❑ **FUSIÓN CULTURAL:** A aportación de todos os grupos culturais dá lugar á formación dunha cultura nova e diferente.

- O resultado é a perda das culturas de orixe.

❑ **SEGREGACIÓN:** Os grupos culturais están totalmente separados segundo a súa procedencia.

- Procesos de guetificación e de marxinación das culturas minoritarias.
- Diferenciación, rexeitamento, separación e segregación social.

Isto non é interculturalidade



RELACIONES ENTRE GRUPOS

❑ **PLURALISMO CULTURAL:** As culturas relaciónanse sen perder a súa diferenza nin fusionarse unhas con outras, valorándose en condicións de igualdade. Búscase a integración, a adaptación das diferentes culturas:

- **Multiculturalismo.** Énfase en protexer as diferenzas e as particularidades.
- **Interculturalidade.** Busca de puntos de encontro entre as diferentes culturas.



CONVIVENCIA INTERCULTURAL

❑ CONVIVENCIA INTERCULTURAL:

Aposta por construír relacións baseadas no diálogo, o encontro, o respecto, a aprendizaxe mutua entre as distintas culturas presentes nunha sociedade.

❑ **INTERCULTURALIDADE:** Encontro baseado no respecto mutuo e no recoñecemento da nosa igualdade. As relacións interculturais poden provocar conflitos, tensións, choques, para o que é necesario poñer en práctica actitudes de escoita, diálogo, empatía, ser quen de poñerse no lugar das outras persoas.



LO QUE SI ES



INTERCULTURALIDAD



LO QUE NO ES

CONVIVENCIA INTERCULTURAL

❑ **LÍMITES:** Respecto á dignidade da persoa, os dereitos humanos e as normas e valores que protexen a convivencia, a igualdade de oportunidades e o benestar social. A crítica interna e externa ás culturas desde un punto de vista ético é necesaria para que se produzan cambios e transformacións sociais cara a un maior respecto á dignidade das persoas e aos dereitos humanos.



ACTITUDES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA INTERCULTURAL

- ❑ **Etnocentrismo.** Considerar superior a propia cultura e a aplicar os propios valores culturais para xulgar o comportamento e as crenzas de persoas doutras culturas.
- ❑ **Relativismo cultural.** Ningunha cultura pode ser valorada desde fóra ou cos patróns doutra. Os DDHH fixan uns valores universais por riba das culturas existentes.
- ❑ **Estereotipo.** Imaxe creada socialmente, unha idea ou xuízo prefixado, con frecuencia desfavorable, sobre o xeito de ser ou actuar doutro grupo.
- ❑ **Prexuízo.** Xuízo ou valoración baseada no uso de estereotipos e non en feitos reais ou comprobados, sen ter en conta o comportamento individual das persoas.



ACTITUDES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA INTERCULTURAL

- ☐ **Xenofobia.** Medo ou rexeitamento ao estranxeiro. Os factores que a explican son rexeitamentos de tipo laboral, racial, relixioso, político.
- ☐ **Racismo.** As persoas de determinada raza son superiores nalgún aspecto aos de outra raza e xustifica as situacións de dominio, rexeitamento ou agresión.
- ☐ **Discriminación.** Trato desfavorable a unha persoa ou colectivo por motivos raciais, políticos, relixiosos, culturais ou sociais.
- ☐ **Marxinación.** Unha persoa ou un grupos de persoas non son consideradas parte dun determinado grupo social. Implica a exclusión da sociedade e a imposibilidade de participar na mesma.



CONSTRUINDO INTERCULTURALIDADE

- ❑ Recoñecer a existencia de vínculos, valores e puntos en común entre culturas.
- ❑ Recoñecer que as culturas se necesitan unhas a outras e son interdependentes.
- ❑ Examinar criticamente os valores e antivalores da nosa propia cultura.
- ❑ Buscar puntos de converxencia e intereses comúns.
- ❑ Ter vontade e disposición de aprender das outras persoas e grupos culturais.
- ❑ Previr os conflitos e, se aparecen, poñer os medios para regulalos.
- ❑ Superar o etnocentrismo.
- ❑ Fomentar o respecto activo cara os demais.
- ❑ Loitar contra a discriminación de calquera tipo.

